

## Xerencia



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### RESOLUCIÓN do 27 de setembro de 2022 pola que se nomean funcionarios/as de carreira da escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos (subgrupo C1), polo sistema de quenda libre.

Vista a proposta elevada polo tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso, pola quenda libre, en 6 prazas da escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos (subgrupo C1) vacantes na relación de postos de traballo de persoal funcionario desta universidade, convocadas por Resolución do 5 de novembro de 2019 (DOG do 14 de novembro).

Verificada a concorrencia nos/as aspirantes aprobados/as dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

De acordo co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; no Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, no Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e nos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro,

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 14 de xaneiro de 2020,

#### Resolve:

**Primeiro.** Nomear funcionarios/as de carreira, da escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos (subgrupo C1) da Universidade da Coruña, aos/ás aspirantes aprobados/as polo sistema de quenda libre que se relacionan no anexo.

**Segundo.** Para adquirir a condición de funcionario/a de carreira, as persoas que se relacionan deberá cumplir os requisitos esixidos no artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e tomar posesión do correspondente posto de traballo, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, conforme aos destinos que se adxudicarán na elección en acto público que se realizará o vindeiro día 03/10/2022.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 27 de setembro de 2022  
O xerente

Código Seguro De Verificación	mCHMzVdJxfjtjciq+4EB3CA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	27/09/2022 17:09:34
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/mCHMzVdJxfjtjciq+4EB3CA==">https://sede.udc.gal/services/validation/mCHMzVdJxfjtjciq+4EB3CA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Xerencia



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Ramón del Valle López

Código Seguro De Verificación	mCHMzVdJxftjciq+4EB3CA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	27/09/2022 17:09:34
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/mCHMzVdJxftjciq+4EB3CA==">https://sede.udc.gal/services/validation/mCHMzVdJxftjciq+4EB3CA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Xerencia



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**ANEXO**

**Escala de auxiliares de archivos, bibliotecas e museos (subgrupo C1)**

Nº orde	DNI	1º apellido	2º apellido	Nome	Total
1	***4230**	Blanco	González	Patricia Cristina	86,98
2	***0820**	Babío	Carazo	María Manuela	86,30
3	***0224**	Díaz	Mas	Sofía	84,18
4	***5852**	Seijas	Lago	Mónica	82,95
5	***4209**	Manso	Fernández	María Fernanda	80,70
6	***2220**	Berdullas	Pérez	Raquel	80,62

Código Seguro De Verificación	mCHMzVdJxftjciq+4EB3CA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	27/09/2022 17:09:34
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/mCHMzVdJxftjciq+4EB3CA==">https://sede.udc.gal/services/validation/mCHMzVdJxftjciq+4EB3CA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		